



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Proxectos Fotográficos

|                       |  |              |             |                    |
|-----------------------|--|--------------|-------------|--------------------|
| Materia               | Proxectos Fotográficos   |              |             |                    |
| Código                | P01G010V01907  |              |             |                    |
| Titulación            | Grao en Belas Artes  |              |             |                    |
| Descritores           | Creditos ECTS<br>6   | Sinale<br>OP | Curso<br>4º | Cuadrimestre<br>1c |
| Lingua de impartición | Galego   |              |             |                    |
| Departamento          | Pintura  |              |             |                    |
| Coordinador/a         | Sendon Trillo, Jose Manuel   |              |             |                    |
| Profesorado           | Sendon Trillo, Jose Manuel   |              |             |                    |
| Correo-e              |  |              |             |                    |
| Web                   |  |              |             |                    |
| Descripción xeral     | Propose dar unha visión global da relación entre fotografía e arte contemporánea, lembrando os referentes históricos precisos.<br>A parte práctica basearase na resolución dos exercicios propostos, adecuadamente escollidos para que a mayoría dos alumno podan resolvélos dentro do campo das súas preocupacións.<br>Aínda que se presupón que os alumnos matriculados cursaron previamente <b>Técnicas fotográficas</b> , este curso, debido ás circunstancias particulares que o cambio de plan suón, hai alumnos que non a cursaron, polo que se fará un grupo específico para eles.<br>A fotografía analóxica en branco e negro ocupará gran parte do programa, aínda que tamén se abordarán propostas para seren resoltas mediante fotografía dixital. |              |             |                    |

## Competencias de titulación

### Código

|     |   |
|-----|---|
| A1  | Comprensión crítica da historia, teoría e discurso actual da arte. Comprender de xeito crítico a historia, teoría e discurso actual da arte. Asimilación analítica dos conceptos nos que se sustenta a arte                     |
| A2  | Comprensión crítica da evolución dos valores estéticos, históricos, materiais, económicos e conceptuais. Analizar a evolución dos valores da arte desde unha perspectiva socioeconómica e cultural                              |
| A5  | Coñecemento da teoría e do discurso actual da arte, así como o pensamento actual dos artistas a través das súas obras e textos. Actualizar constantemente o coñecemento directo da arte a través dos seus propios creadores     |
| A7  | Coñecemento do vocabulario e dos conceptos inherentes a cada técnica artística particular. Coñecer a linguaaxe creativa específica  |
| A9  | Coñecemento de métodos de producción e técnicas artísticas. Analizar os procesos de creación artística  |
| A19 | Capacidade para identificar e entender os problemas da arte. Establecer os aspectos da arte que xeran procesos de creación.   |
| A20 | Capacidade de interpretar creativa e imaxinativamente problemas artísticos. Desenvolver os procesos creativos asociados á resolución de problemas artísticos  |
| A21 | Capacidade de comprender e valorar discursos artísticos en relación coa propia obra. Establecer medios para comparar e relacionar a obra artística persoal co contexto creativo.  |
| A25 | Capacidade de (auto)reflexión analítica e (auto)crítica no traballo artístico.  |
| A31 | Capacidade para xerar e xestionar a producción artística. Saber establecer a planificación necesaria nos procesos de creación artística.  |
| A32 | Capacidade de aplicar profesionalmente tecnoloxías específicas. Utilizar as ferramentas apropiadas para as linguaxes artísticas propias   |
| A39 | Capacidade de determinar o sistema de presentación adecuado para as calidades artísticas específicas dunha obra de arte. Adquirir criterios para a adecuada apreciación da obra de arte en relación co seu entorno e exhibición |
| A42 | Habilidades para a creación artística e capacidade de construír obras de arte. Adquirir as destrezas propias da práctica artística  |
| A43 | Habilidade para establecer sistemas de producción. Desenvolver estratexias aplicadas ao exercicio sistemático da práctica artística   |
| A44 | Habilidade para realizar, organizar e administrar proxectos artísticos innovadores  |

| <b>Competencias de materia</b>  | <b>Resultados de Formación e Aprendizaxe</b> |
|---|--|
| Resultados previstos na materia   | Resultados de Formación e Aprendizaxe        |
| Coñecemento da fotografía como campo artístico contemporáneo.                                       | A1<br>A5                                     |
| Coñecemento dos principais recursos técnicos, visuais e conceptuais da fotografía actual.           | A5<br>A7<br>A9                               |
| Coñecemento das principais temáticas da práctica artística actual en fotografía.                    | A5   |
| Coñecemento das diferentes concepcións da fotografía.   | A1<br>A2<br>A5                               |
| Capacidade de desenvolvemento dos propios intereses artísticos dentro da fotografía.                | A19<br>A20<br>A21                            |
| Capacidade de adecuar os recursos fotográficos actuais ao traballo persoal.                         | A20<br>A21<br>A25                            |
| Capacidade para aplicar técnicas, sistemas e procesos fotográficos á creación artística.            | A31<br>A32                                   |
| Capacidade para expor e desenvolver proxectos no ámbito da fotografía.                              | A32<br>A39                                   |
| Habilidade no manexo das diversas ferramentas conceptuais e visuais da linguaxe fotográfica actual. | A42<br>A43<br>A44                            |
| Habilidade no uso de procesos de captación e procesado da imaxe fotográfica.                        | A42<br>A43                                   |
| Habilidade para o uso de dispositivos fotográficos.   | A42<br>A43                                   |
| Habilidade para o desenvolvemento de proxectos creativos no ámbito da fotografía.                   | A43<br>A44                                   |

## **Contidos**

| Tema                                   |   |
|--|---|
| -Sobre a natureza da fotografía        | <ul style="list-style-type: none"> <li>-Verosimilitude e subxectividade.</li> <li>-O acto fotográfico. A fotografía como signo visual.</li> <li>-O discurso da mímese.</li> <li>-A fotografía como transformación do real</li> <li>-A fotografía como pegada.</li> <li>-O verismo fotográfico e a imaxe dixital.</li> <li>-Foto e contexto. Foto e texto.</li> <li>-Interpretación da imaxe fotográfica.</li> <li>-Autores que reflexionan na súa obra sobre o verismo fotográfico.</li> </ul>  |
| -Referencias históricas                | <ul style="list-style-type: none"> <li>Relación entre fotografía e arte: o movemento pictorialista, a fotografía directa e as vanguardas históricas.</li> <li>-Fotografía e edición: as revistas ilustradas, fotografía humanista dos 50 e novas propostas documentais. A fotografía nos anos 50-60, no Estado español e en Galiza.</li> <li>-A instantánea e as novas formulacións documentais.</li> <li>-A entrada da fotografía no mundo da arte. Anos 60: a fotografía e o Pop-Art. A foto como documento: arte conceptual, Body-Art, Land-Art...</li> <li>-A fotografía creativa e a súa dinámica específica.</li> </ul> |
| -A fotografía e a arte contemporánea   | <ul style="list-style-type: none"> <li>-A posmodernidade e a fotografía. -Apropiaciónismo.</li> <li>-Cuestionamento do concepto de autor. -Desprazamentos ao espazo discursivo da arte.</li> <li>-O arquivo fotográfico e o concepto de autor.</li> <li>-O arquivo como estratexia creativa contemporánea.</li> <li>-A fotografía construída.</li> <li>-Mestizaxe e hibridacións.</li> <li>-A forma cadro.</li> </ul>   |
| -A fotografía documental contemporánea | <ul style="list-style-type: none"> <li>-A fotografía construída de estilo documental.</li> <li>- A instantánea e as novas propostas documentais.</li> <li>-Tratamento do outro</li> <li>-Crise do concepto de xénero.</li> <li>-O fotoxornalismo na actualidade.</li> </ul>   |

|                       |   |
|-----------------------|---|
| -A fotografía dixital | -Estrutura da imaxe numérica.<br>-Arquivos de imaxe.<br>-Representación da cor.<br>-Formatos de arquivo.<br>-Dispositivos de reproducción. Realización de copias en cor. Diferentes procesos.<br>-Manexo e tipos de cámaras dixitais.<br>-Traballoalgúns autores referenciais.<br>-A fotografía dixital na actualidade. |
|-----------------------|---|

## Planificación

|  | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|--|---------------|--------------------|--------------|
| Prácticas de laboratorio                     | 35            | 70                 | 105          |
| Estudos/actividades previos                  | 0             | 30                 | 30           |
| Sesión maxistral                             | 12            | 0                  | 12           |
| Probas de resposta longa, de desenvolvimento | 2             | 0                  | 2            |
| Traballos e proxectos                        | 3             | 0                  | 3            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

|                             | Descripción   |
|-----------------------------|---|
| Prácticas de laboratorio    | O alumno terá que resolver os exercicios que se formulen ao longo do curso, debendo para iso realizar todo o proceso fotográfico en branco e negro no laboratorio. Así mesmo, deberá prestarlle atención á presentación dos resultados, tanto na súa definición conceptual como na súa resolución formal. O profesor fará un seguimento continuo do traballo realizado polo alumno. |
| Estudos/actividades previos | O alumno terá que realizar fóra da aula as tarefas marcadas na clase e na atención personalizada: consulta de bibliografía, visita de exposicións, toma de imaxes...  |
| Sesión maxistral            | O profesor desenvolverá os contidos do programa, baseando as súas explicacións na proxección de fotografías potenciando, ao mesmo tempo, o debate sobre as imaxes.  |

## Atención personalizada

| Metodoloxías             | Descripción  |
|--------------------------|--|
| Prácticas de laboratorio | O profesor explicará os procedementos e técnicas necesarios, así como os seus fundamentos, tanto no que se refire á fotografía en branco e negro da que se realizará o proceso completo, como da fotografía dixital. Na resolución dos exercicios formulados ao longo do curso, o profesor fará un seguimento personalizado diario do traballo do alumno, facéndolle as observacións e preguntas que considere pertinentes, dándolle a coñecer a obra dos autores referenciais interesantes e subministrándolle a bibliografía adecuada para as súas propostas. Potenciarase a participación e o debate tanto na formulación dos exercicios como na presentación dos seus resultados. Potenciarase, así mesmo, o debate sobre a obra dos diferentes autores presentados. |

## Avaliación

|  | Descripción   | Cualificación |
|--|---|---------------|
| Prácticas de laboratorio                     | Seguimiento diario, de forma personalizada, do traballo realizado polo alumno na resolución dos exercicios formulados.  | 35%           |
| Probas de resposta longa, de desenvolvimento | Proba escrita sobre os contidos dados no curso.   | 25%           |
| Traballos e proxectos                        | Presentación pública dos resultados dos exercicios formulados ao longo do curso, potenciándose o debate sobre as propostas.<br>O último traballo, de temática libre, será valorado máis que os outros.<br>A maioría dos exercicios resloveranse empregando a fotografía analólica en branco e negro, aínda que haberá tamén propostas para seren resoltas con fotografía dixital. | 30%           |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

Os traballos prácticos serán avaliados de forma continua a través do seguimento semanal dos diferentes exercicios que se proporán durante o curso. Ao final de cada un deles realizarase unha presentación pública dos resultados obtidos. Valorarase a actitude, o traballo realizado, o interese das propostas e a capacidade de resolvelas fotograficamente.

A avaliación dos contidos teóricos farase mediante unha proba escrita sobre os conceptos impartidos, na que se valorarán as capacidades analítica e crítica. Así mesmo, avaliarase a actitude e os exercicios específicos propostos ao longo do curso.

EXAME: 27 de xaneiro.

### **Convocatoria de xullo**

A avaliación na convocatoria de xullo farase mediante:

-Unha proba para os contidos teóricos

Presentación de :

-Serie de fotografías analóxicas en branco e negro, debendo realizar o alumno todo o proceso de revelado e positivado.

-Serie de fotografías dixitais.

PROBA DE AVALIACIÓN CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XULLO: 1 DE XULLO ÁS 10.00 HORAS

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

BARTHES, Roland, **A cámara clara**, Ediciones Laioveneto,

BAQUÉ, Dominique, **La fotografía plástica**, Gustavo Gili,

BENJAMÍN, Wlater, **Discursos interrumpidos I**, Taurus,

CHEVRIER, Jean Françoise, **La fotografía entre las bellas artes y los medios de comunicación**, Gustavo Gili,

DUBOIS, Philippe, **El acto fotográfico. De la representación a la recepción**, Paidós Comunicación,

FONTCUBERTA; Joan, **El beso de Judás. Fotografía y verdad**, Gustavo Gili,

FREUND, Giséle, **La Fotografía como Documento Social**, Gustavo Gili,

JEFFREY, Ian, **La fotografía**, Destino,

KRAUSS, Rosalind, **Lo fotográfico**, Gustavo Gili,

ROUILLÉ, André / LEGMANY, Jean Claude, : **Historia de la fotografía**, Alcor,

SEKULA, Allan, **Sobre a invención do significado da fotografía**, Grial 1339,

SONTAG, Susan, **Sobre la fotografía**, Edhasa,

AA.VV., **Indiferencia y singularidad, Indiferencia y singularidad**, Art- MACB,

AA.VV. (Ribalta Jorge editor, **Efecto real.debates posmodernos sobre fotografía**, Gustavo Gili,

---

### **Recomendacións**